

## O MEDICAMENTO: ¡COÑÉZAO!

Colexio oficial de Farmacéuticos  
de Pontevedra. Vigo.

Todo coidado sanitario esixe unha actuación axeitada, tanto pola parte dos profesionais sanitarios involucrados, coma dos usuarios da sanidade ós que vai dirixida a devandita actuación.

Neste senso, o farmacéutico de oficina de farmacia ocupa un lugar privilexiado no ámbito da atención primaria da saúde, pois é o profesional sanitario de máis fácil accesibilidade, e ó que primeiro recorre a persoa sa ou enferma que acode a busca-los medicamentos.

En canto ó usuario da sanidade, a súa actuación correcta ou incorrecta pode determina-lo éxito ou fracaso de calquera tratamento ou acción sanitaria, de xeito cada vez faise máis patente a importancia dunha boa educación sanitaria da poboación, se aspiramos a conseguir un uso racional do medicamento.

Esta derradeira consideración adquire unha importancia maior, se temos en conta que o número de medicamen-

tos que se poden dispensar sen receita vai en aumento, e que o consello do farmacéutico ó paciente constitúe unha das parcelas más importantes da atención primaria da saúde.

Consciente de todo isto, o Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos de España elaborou o proxecto que aquí se presenta, na seguridade de que a través del se actúa tanto sobre as necesidades formativas da poboación con relación ó medicamento, como sobre as necesidades profesionais do farmacéutico nas suas facetas de comunicador e educador sobre o medicamento.

Por último, coidamos que constitúe un magnífico sistema de potenciar la comunicación entre os profesionais da saúde (neste caso os farmacéuticos) e os usuarios da sanidade, contribuíndo sen dúbida, polos seus contidos formativos, ó uso racional do medicamento, obxectivo prioritario da lei do medicamento.



# O MEDICAMENTO

*¡Conézao!*



CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE FARMACEUTICOS



En coordinación con Europharm Forum (O.M.S.) Patrocinado por Fundación Wellcome España

## RELACIÓN DAS ACTIVIDADES E DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Consello de Farmacéuticos, despois da súa positiva experiencia de educación sanitaria ó usuario a través do "Plan de Educación Nutricional", quere continuar nesta liña de servicio e deseñou o proxecto aquí presentado: un curso de educación sanitaria sobre o medicamento, dirixido á poboación, e impartido polo farmacéutico.

Deuse a circunstancia de que o EuroPharm Forum da OMS, organismo que comprende as agrupacións profesionais farmacéuticas europeas, propuxo a realización dunha campaña nos distintos países membros, entre os que nos contamos.

Esta campaña, chamada "Cuestiones que debe preguntar sobre sus medicamentos", ten como obxectivo levar ós usuarios das oficinas de farmacia a mensaxe da importancia que ten para eles o feito de coñece-los seus medicamentos.

Consciente esencialmente en realizar carteis e entregar unhas follas a través das farmacias, cunhas mensaxes clave que o paciente debe ter en conta antes de escóménzár a tomar un medicamento.

Consideramos interesante integrar no curso deseñado por este Consello o proxecto EuroPharm Forum, pois adáptase perfectamente ó mesmo en filosofía

e contido. Ademais pode servir de apoio e reforzo, ó realizarse como actividade convxunta do Consello e da OMS, a través do EuroPharm Forum.

Así pois, o Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos elaborou o material do curso, ocupándose da súa publicación, presentación e distribución os Colexios, co patrocinio da Fundación Wellcome España.

### Obxectivos

Proporcionar á poboación, a través do farmacéutico de oficina de farmacia, unha serie de conceptos básicos sobre o medicamento, encamiñados a fomenta-lo uso racional do mesmo, o que reverterá sen dúbida positivamente sobre o nivel de saúde da poboación.

### Persoal a quen vai dirixido:

Grupos de usuarios en xeral, que estean interesados no tema, e que voluntariamente queiran asistir ó curso. Facendo especial fincapé nos nenos e adolescentes.

Calcúlase un máximo de 20/25 persoas en cada grupo.

### Duración

Tres sesións dunha hora de duración cada unha.

Estas sesións poden ter lugar unha vez á semana, durante tres semanas

seguidas; unha vez ó mes, durante tres meses seguidos, ou en función de calquera outro esquema que se considere oportuno.

### Contido do curso

Imos distinguir entre a materia que se impartirá, e o material de apoio.

A materia que se vai impartir dividise en tres sesións, elaborándose un texto que servirá de guión ós farmacéuticos que impartirán o curso.

O texto contén conceptos elementais en torno do medicamento, presentados de forma sinxela e nunha linguaxe accesible, evitando tecnicismos.

O seu contido desenvolve así:

#### — SESIÓN 1.

Contémplase aspectos xerais que se deben considerar sobre o medicamento:

A evolución dos medicamentos desde a antigüidade ata os nosos días. O control actual sobre a súa eficacia e seguridad.

A importancia de utilizar correctamente os medicamentos.

Concepto de medicamento: que entendemos por medicamento.

Para que serven os medicamentos: previr, diagnosticar, curar, controlar enfermidades, aliviar síntomas, etc...

Como actúan os medicamentos: diferencia entre acción e efecto.

A administración dos medicamentos e as formas farmacéuticas: o porqué das distintas formas farmacéuticas, e razón de ser das diferentes vías de administración.

### SESIÓN 2.

Desenvólvense, do xeito máis ameno posible, a información que aportan o prospecto e a cartonaxe da especialidade farmacéutica:

A cartonaxe: datos e símbolos que poden aparecer.

O cupón precinto: razón de ser.

O prospecto: explícanse os apartados que inclúe (composición, indicacións, acción e propiedades, precaucións, posoloxía, interaccións, etc.), cun enfoque eminentemente práctico, centrado nos problemas que o usuario pode atopar e utilizando numerosos exemplos.

Medicamentos con receita e medicamentos sen receita: explícase a diferencia, incidindo na importancia da non trivialización do medicamento e do consello farmacéutico.

### SESIÓN 3.

Contémplanse distintos aspectos relacionados co medicamento, que consideramos de interese para o usuario:

Os medicamentos na casa: a caixa de urxencias caseira.

Intoxicacións por medicamentos: importancia particular da prevención, e recomendacións xerais sobre as medidas que se deben tomar no caso de intoxicación por medicamentos.

Medicación en grupos especiais de pacientes: problemática particular en nenos, anciáns, embarazadas e nais en período de lactancia.

Precaucións que se deben tomar e consideracións de interese.

Cuestións que se deben preguntar sobre os seus medicamentos. Resúmese, nunha serie de mensaxes sinxelas, a filosofía que se quixo trasladar ó usuario durante as tres sesións, así como os aspectos más importantes que calquera usuario do medicamento debe ter presentes, antes de comenzar un tratamento. Na súa realización tívose en conta o proxecto do EuroPharm Forum, e as mensaxes establecidas nel.

Entregarase a tódolos asistentes ó curso un folleto que inclúe estas mensaxes.

### MATERIAL DE APOIO DO CURSO

- Carteis: un cartel para as oficinas de farmacia dos farmacéuticos que se apunten ó proxecto.
- Folletos para distribuir entre os usuarios de tódalas oficinas de farmacia dos farmacéuticos que se apunten ó proxecto.
- Publicación co desenvolvemento escrito das tres sesións, para tódolos farmacéuticos participantes.
- Xogo de diapositivas para ilustrar as sesións, para tódolos farmacéuticos participantes.
- Carpeta que conteña o material escrito das tres sesións, xunto coas diapositivas que o acompañan.
- Tarxeta dura, cunha serie de mensaxes sobre a utilización do medicamento, para distribuir entre os asistentes ó curso.
- Material de evaluación.

### DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS

O farmacéutico docente exporá, de forma sinxela, os temas incluídos en cada sesión. Así mesmo, disporá dunha serie de diapositivas a modo de ilustración e apoio do texto.

Toda a exposición desenvolverase presentando gran número de casos prácticos e exemplos da vida cotiá que resultan familiares e sinxelos para o alumno.

O remata-la exposición, pódese realizar un pequeno coloquio, para aclarar posibles dúbidas sobre os temas xerais expostos.

## PROFESORADO E MECANISMO DE SELECCIÓN DOS DOCENTES

O profesorado estará composto por farmacéuticos de oficina de farmacia de todo o territorio nacional, que despois de ser convocados polos Colexios Profesionais das distintas provincias, queiran realizar este servicio de forma voluntaria e gratuita.

## AVALIACIÓN

Propónse avalia-lo proxecto co maior rigor posible, contemplando a súa estructura, proceso docente e resultados, tanto dende a óptica poboacional coma profesional.

Nese senso, vaise contratar unha empresa especializada, que se responsabilice tanto do deseño das enquisas coma da posterior análise de datos.

## LUGAR E HORARIO DE REALIZACIÓN

O lugar pode ser la propia oficina de farmacia, se se dispón de instalacións adecuadas e espacio suficiente; pero na maioría dos casos, os cursos terán lugar en locais cedidos por centros culturais, asociacións de veciños, parroquias, etc. No caso dos nenos, o lugar máis axeitado é a escola.

O horario será establecido segundo cada caso.

## PREGUNTAS DE INTERESE

Moitas son as cuestións que poden xurdir ó falar do medicamento, segundo os coñecementos, curiosidade, e interese das persoas participantes nestas charlas.

A título do exemplo presentarei unha serie de preguntas, coas súas respostas, que ó noso xuízo puidesen xurdir, ou que o farmacéutico, se o considera oportuno, pode sacar a colación durante o coloquio posterior á exposición dos temas:

- ¿As plantas medicinais son medicamentos propiamente ditos? Non se pode considerar que sexan nin más nin menos sas, pero dende logo hai que ter moito coidado con elas e utilizalas coas mesmas precaucións con que utilizariamos calquera medicamento, pois son farmacolóxicamente activas, e polo tanto exercen unha acción sobre o organismo.

mo e poden dar lugar a efectos secundarios indesexables, etc.

• ¿E posible administrar un medicamento por unha vía distinta daquela para a que foi formulado? Normalmente non, porque a forma farmacéutica está deseñada e adecuada en tódolos seus aspectos á vía de administración que se vai utilizar. Entón non se pode saber canto medicamento vai absorbe-lo organismo, o tempo que tarda en exerce-la súa acción, etc.

• ¿Podo abrir unha cápsula e tomarlo contido? Nun principio non se pode facer isto, pois a cápsula impide que a substancia que contén se libere antes do lugar onde se supón que debe facelo, sexa no estómago ou no intestino.

En termos xerais non se debe manipular ningunha forma farmacéutica, xa que esta non foi deseñada por capricho e sempre ten a súa razón de ser.

Con todo, sería un gran resultado se, a partir deste proxecto, a persoa que vai tomar un medicamento se considerase involucrada no éxito del, conxuntamente co farmacéutico e o médico.

Así pois, a modo de resumo da filosofía que queremos levar ó usuario do medicamento neses días (e decote), debe terse sempre presente o seguinte:

Antes de utilizar un medicamento, coñeca sempre as respuestas a estas preguntas:

- ¿Para que serve o medicamento?
  - ¿Como debo utilizalo?
  - ¿Cando debo utilizalo?
  - ¿Por canto tempo debo utilizalo?
  - ¿Podo utilizar outros medicamentos conxuntamente?
  - ¿Pode afecta-las actividades da miña vida cotiá, como por exemplo conducir ou facer deporte?
  - ¿Que tipo de efectos secundarios poden aparecer, e que debo facer se aparecen?
- Se ten algunha dúbida sobre as cuestións arriba expresadas consulte o seu farmacéutico.
- Informe sempre o seu farmacéutico ou médico sobre:
- Calquera tipo de alerxia ou reacción a medicamentos que tivese anteriormente.
  - Se está embarazada ou en período de lactancia.
  - O nome de calquera outro medicamento que estea tomando, por inofensivo que lle pareza.
  - Calquera outra enfermidade que padeza.

• Calquera problema que aparezca durante o tratamento, e que poida ser atribuído ó medicamento.

O farmacéutico é o profesional sanitario experto no medicamento, ó que se debe recorrer sempre que existan dúbidas sobre o MEDICAMENTO.

## OBSERVACIÓNS

É importante resalta-lo espírito, de servicio á poboación, e o carácter desinteresado e gratuíto do proxecto, de xeito que tódolos farmacéuticos que actúen como docentes farano sen ningunha remuneración, e a asistencia ós cursos será gratuíta para os participantes.

Así mesmo, por causa do interese social do proxecto, os locais serán cedidos gratuitamente por diferentes asociacións ou entidades.

Hai que destacar que a elaboración do material de apoio do curso, foi posible gracias ó patrocinio da Fundación Welcome España.

As datas de celebración non son fixas. Levarase a cabo o proxecto neste mes de maio de 1994, e a partir do devandito mes, sen data límite; xa que se poderá repetir, se se cre necesario.